

LISTA DE ASISTENTES

Membros de la Comisión:
Carmen García Mateo (presidenta)
Manuel García Sánchez (secretario)
José Ramón Fernández Bernárdez
Manuel Fernández Veiga
Martín Llamas Nistal
Cristina López Bravo
José J. Pazos Arias

Acta da sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento Doc_TIC da Universidade de Vigo, de catro de febreiro de dous mil dezaseis, reunida as 12.00h na sala A010 da EE de Enxeñaría de Telecomunicación.

O Xoves, **día 4 de febreiro de 2016**, ás 12:00 horas, comezou a sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento Doc_TIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida pola catedrática Carmen García Mateo, e actuando como secretario o catedrático Manuel García Sánchez

Outros asistentes:

A orde do día contén os seguintes puntos:

- 1.- Informe da coordinadora.
- 2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores.
- 3.- Aprobación, se procede, do orzamento anual 2016.
- 4.- Aprobación, se procede, dos tipos, perfís e criterios de valoración das axudas de mobilidade para o ano 2016.
- 5.- Aprobación, se procede, da proposta de asignación de directores
- 6.- Asuntos de trámite.
- 7.- Rogos e preguntas.

Punto 1. Informe da coordinadora

A coordinadora informa dos asuntos tratados na reunión da Comisión Permanente da EIDO o 28 de xaneiro pasado:

- Criterios de reparto de orzamento
- Orzamentos provisionais dos programas
- Bases das axudas de mobilidade 2016
- Calendario para a modificación de programas de doutoramento
- Incorporación de actividades de doutoramento na PDA

Punto 2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase a acta de 15 de decembro de 2015.

Punto 3. Aprobación, se procede, de orzamento anual de 2016

Informase dunha dotación provisional de 10.230 € ó programa Doc_TIC, que se aproba, provisionalmente, repartir do seguinte xeito:

- Mobilidade de alumnos, 10 bolsas de 750€, 7500 €
- Organización da xornada de avaliación anual 1.500 €
- Creación dunha nova páxina web do programa 1.230 €

Punto 4. Aprobación, se procede, dos tipos, perfís e criterios de valoración das axudas de mobilidade para o ano 2016

Apróbase solicitar a convocatoria de 10 bolsas de tipo B co perfil indistinto: estancia de investigación, asistencia a curso o escola de verán, asistencia a congreso para a presentación dunha comunicación, cos criterios de valoración do Anexo 1.

Punto 5. Aprobación, se procede, da proposta de asignación de directores

Apróbase a asignación recollida no Anexo 2. A asignación de director ó alumno Helder Rodrigo Soares Pinto queda pendente até a realización dunha entrevista co seu titor. Asígnase ó Dr. Juan

Troncoso Pastoriza como codirector en la tese de Alberto Pedrouzo Ulloa (por ser director novel estará supervisado polo Prof. Fernando Pérez González). Acordase a baixa do Prof. Juan Carlos Burguillo Rial como codirector de la tese de Juan García Rois. No seu lugar asignase como codirectora á Dra. Beatriz Lorenzo Veiga (por ser directora novel estará supervisada polo Prof. Javier González Castaño).

Punto 6. Asuntos de trámite.

Apróbanse a versión 1.1 do Plan de Investigación de Brais Blanco Rodicio, a súa avaliación anual 2014/15 e a súa solicitude de baixa temporal.

Apróbase o cambio de dedicación de tempo completo a tempo parcial da alumna Celia González Nespereira e de tempo parcial a tempo completo do alumno David Santos Domínguez.

Apróbanse as actividades relacionadas no anexo 3.

En canto á solicitude de adaptación de actividades de João Paulo Teles Vagarinho acordase: non recoñecer os cursos estruturados en horas por no tratarse de cursos de doutoramento, recoñecer a publicación en revista internacional na Revista Iberoamericana de Informática Educativa, número 20, pp.3-10, julio-diciembre 2014 e recoñecer a realización de comunicacións nos congresos internacionais SIIE13 e SIIE14. O recoñecemento do resto das actividades queda pendente da aportación de documentación adicional.

Acórdase que Manuel Fernández Veiga pase a ser membro titular da CAPD e Andrés Suárez González o seu suplente.

Punto 7. Rogos e preguntas

Non hai

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

O Secretario,

Manuel García Sánchez

VºBº
A Presidenta,

Carmen García Mateo

ANEXO 1

Solicitud de bolsas de mobilidade

ANEXO I

- Programa de doutoramento:
Programa de doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions
(Doc_TIC)
Crédito asignado: _7.500 euros
Bolsas convocadas: 10

Nº Id. (1)	Tipo (2)	Perfil (3)	Nº de bolsas
	B	Indistinto: estancia de investigación, asistencia a curso o escola de verán, asistencia a congreso para a presentación dunha comunicación	10

Criterios de Valoración (4)

Méritos curriculares dos/as solicitantes	10
Interese do desprazamento proposto para o programa formativo	40
Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso. Os congresos deberán ser internacionais e estar recollidos no Scopus. No caso de estancias de investigación, darase prioridade a que o centro de destino estea no estranxeiro e supoña un cambio de país de residencia do estudante.	50

(1) Cubrirase na EIDO

(2) Indicar se é A,B,C ou D. A: 1000 €, B: 750 €, C: 500 €, D: 250 €

(3) Describir a actividade formativa de que se trate: estadía de investigación, asistencia a congreso, asistencia a curso, etc. Para actividades de distinta natureza deberán usarse liñas e descrições diferenciadas.

(4) Detallar ou concretar os criterios de selección e baremo, indicando a distribución dun máximo de 100 puntos. Como mínimo deberá conter os apartados indicados no apartado VII:

Méritos curriculares dos/as solicitantes

Interese do desprazamento proposto para o programa formativo

Calidade do centro de destino ou importancia do congreso/curso

ANEXO 2

Asignación de directores

Alumno/a	Director/a/s
Boric, Miran	Fernández Vila, Ana; r Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Cabrera Mejía, Javier Bernardo	Fernández Veiga, Manuel
España Villegas, Carmelo Branimir	Caeiro Rodríguez, Manuel
García Novo, Fernando	García Mateo, Carmen
Namaziesfanjani, Mina	Pérez González, Fernando
Sánchez López, Sheila Lucero	Díaz Redondo, Rebeca Pilar; Fernández Vila, Ana
Santos Domínguez, David	Torres Guijarro, María Soledad
Tato Arias, Anxo	Mosquera Nartallo, Carlos
Vagarinho, Joao	Llamas Nistal, Martín
Vásquez Vásquez, Manuel Gualberto	Burguillo Rial, Juan Carlos

Anexo 3

Aprobación de actividades

ALUMNADO	CURSO ACADÉMICO ACTIV.	APARTADOS	TÍTULO ACTIVIDADE	APROBADA CAPD
BEN KHALIFA, Mohamed GreenIt	2014/15	Comunicación en congresos internacionais	Why are these people there? An analysis based on Twitter	
BEN KHALIFA, Mohamed GreenIt	2015/16	Cursos estructurados en ECTSos estructurados en ECTS	Workshop in English Academic Writing	
CHAVES DIÉGUEZ, David	2015/16	Comunicacións en congresos internacionais	Detailed estimation of battery life in a WSN deployment in the field	
Moure Fernández, María del Rocío 39458025F	2015/16	Cursos estructurados en ECTS	Workshop in English Academic Writing	
Godoy, Diego Alberto	2015-16	Comunicacións en congresos internacionais	Internet de las Cosas: Middleware de gestión de Datos WSN.	